

Corenta días, Alteza

Alteza, cando Vostede visitou Galicia esta semana comprobou a difícil situación que estamos vivindo. Viu cos seus ollos cómo o piche velenoso enzoufou centos de quilómetros da nosa beiramar atlántica; viu cómo están quedando os nosos cons e os nosos areais, que sabemos Vostede ben coñece e tanto apreza; viu o estado calamitoso das nosas illas atlánticas, convertidas en cemiterios mariños de aves protexidas como o arao; comprobou cómo esta marea negra malogrou, non sabemos por canto tempo, un dos patrimonios máis preciosos cos que conta a humanidade.

Alteza, sabemos que se emocionou cando foi saudado polas xentes humildes da Costa da Morte, tan duramente castigadas por esta catástrofe, que procuraban roubarlle un aceno que lles proporcionase o acougo que precisaban despois de tanta desgracia que levan sofrido. Alteza, Vostede comprobou nos peiraos cómo se autoorganiza a flota da esperanza dos nosos mariñeiros para combatir un monstro que agora ten múltiples cabezas. Coñeceu cómo nas praias se afanaban os voluntarios desa marea branca da solidariedade, eses mozos e mozas do seu tempo, chegados dende toda España e de tantos outros lugares de Europa, dispostos a proporcionarnos a axuda e a sensibilidade que non percibimos nas nosas autoridades.

Alteza, cando Vostede visitou Vigo para inaugurar o novo Museo de Arte Contemporánea escoitou os berros da nosa xente e viu en moitos edificios das nosas rúas centos das nosas bandeiras enloitadas e cartaces nas nosas fiestras reclamando que nunca máis Galicia viva á intemperie, a mercede do rolar caprichoso da cobiza de catro armadores desaprensivos e outras tantas corporacións internacionais sen escrúpulos. Alteza, é o noso deber cívico, como o do alcalde e os concelleiros que nos representan, expresarlle respectuosamente a nosa lexítima indignación polo desamparo que estamos sufrindo na xestión desta emerxencia nacional que estraga tantas posibilidades do noso futuro e o dos nosos fillos.

Alteza, Vostede sabe que os mariñeiros galegos levan corenta días, que son moitos, loitando sós contra ese perigoso monstro pegañento; combaténdoo cos seus medios, coas súas mans, coas súas pequenas embarcacións, cos seus propios aparellos. Sabe que os mariñeiros son xente moi xenerosa no seu esforzo e anque estean derreados e exhaustos, ao romper do día volven ao peirao a retomar unha batalla que semella interminable. Sen embargo, aquí non se comprende cómo despois de transcorrido máis dun mes o Estado aínda non proporcionase os grandes medios que se precisan para vencer un monstro tan enorme como este que nos ameaza. Alteza, Vostede coñece que isto que está sucedendo en Galicia neste Nadal é algo moi grave.

Vostede sabe polos medios de comunicación que algúns directivos das confrarías de pescadores do Grove, de Cangas e da Pobra do Caramiñal tiveron que recorrer de forma desesperada á folga da fame para que se escoite o que en Galicia é un clamor: o Estado debe proporcionar medios mecánicos potentes (succionadores de hidrocarburos, barreiras de altura, fitas de transporte, etc.) e procurar e alentar mesmo solucións de alta tecnoloxía, xeradas pola comunidade científica. Alteza, por favor, pidamos axuda á comunidade internacional, para axudarnos a vencer un monstro que cada día que pasa nos engole máis. ¿Cre Vostede que a única alternativa que nos queda aos galegos é agardar impasibles que o monstro asolage unha terceira, unha cuarta, unha quinta vez os nosos areais? ¿Cre Vostede que podemos conformarnos con que a Xunta de Galicia se ocupe de “coordinar mellor” a recollida que os voluntarios realizan de toneladas e toneladas de piche nas nosas praias e rochedos? ¿Cre Vostede que podemos consolarnos confiando,

como nos propón o goberno de José María Aznar, que as corenta mil toneladas de fuel vaian arrefriando e o verquido vaia así diminuíndo?

Alteza, sabe que Castelao definiunos aos galegos “como xente prudente e de bo sentido, liberal e pacifista, entusiasta ata o lirismo, segura de que a luz virá para a caduca Iberia dos fillos de Breogán”. Alteza, creo que Vostede comprobou na súa visita que este é o estado de ánimo que hoxe lle acae a nosa cidadanía, a única protagonista da resistencia contra esta negra sombra. Seguramente poucas veces vería Vostede diante dun problema tan grave coma este, un comportamento cívico tan paciente e tan responsable coma o que lle expresamos. ¿Cre Vostede, Alteza, que desta volta atoparemos a luz que buscamos?

manolobragado@netscape.net

Nº 175, 22-12-02